

A escola catequética da parroquia de Ribeira

1. A escola e a misa

«O pobo cristián non só precisa ir á misa. Tamén ten necesidade de ir á escola».

Con estas palabras que, en absoluto, querían ser ofensivas—foron proferidas, máis ben, con respecto e seriedade—respondeu un conferenciante a unha pregunta dunha oínte logo do seu relatorio. A súa tese era ben sinxela: no mundo que hoxe vivimos non é suficiente unha experiencia só emocional, só sacramental ou só privada da fe. Cómpre, máis ca nunca, unha vivencia tamén intelixente, integral e igualmente pública da fe. O relatorio en cuestión versaba sobre as relacións entre a Relixión e a Ciencia. Á señora sorprendeulle a interpretación teolóxica actualizada sobre os relatos da creación do libro da Xénese. O relator remitiuna aos innumerables comentarios bíblicos que hoxe inundan o mercado das editoriais católicas. A señora retrucou sinalando que, na súa parroquia, non había ningún tipo de actividade formativa. De aí, a resposta do profesor xesuíta, de grande experiencia docente pero tamén pastoral, que acabo de referir.

2. Fe e razón

Nos tempos que vivimos non só é precisa a confesión de fe no culto diario ou dominical. O momento tamén esixe poder dar razón na praza pública daquelo que se confesa no Credo, en diálogo co pensamento de hoxe, ben sexa filosófico, físico, matemático ou pertencente a calquera outro tipo de saber científico.

Cando se fala da necesidade de dar razón da fe ou de articulala segundo a súa propia lóxica interna, non se trata, como é evidente, de caer en reduccionismos absurdos. Como se a fe, por unha banda, puidese prescindir totalmente da razón, dando lugar a fideísmos irracionais (a fe do carboeiro), ou coma se, pola outra, a razón fose quen de esquilmar co seu traballo o campo da

fe, dando lugar a racionalismos angostos (intelectualización do cristianismo). Cómpre evitar tanto unha cousa como a outra.

Agora ben, sexamos honrados: de que extremo parece estar máis preto a maioría do pobo cristián dos últimos decenios? Témoste que, probablemente, do primeiro, é dicir, dunha comprensión da fe e dunha vivencia espiritual marcadamente supranaturalista, fideísta e, en moitos casos, mesmo irracional. De ser isto certo estaríamos esquecendo o que tan ben dixo G. W. Leibniz, na longa introdución á *Teodicea*, cando sinala que non pode haber contradición entre a fe e a razón xa que tan don de Deus é unha como a outra. Esa mesma é a tese de fondo da *Fides et Ratio*, Carta encíclica de Xoán Paulo II (14-09-1998).

Quen pode dúbida da importancia da vivencia sacramental da fe para manter acesa a tensión propia de toda vida relixiosa? Quen negará a dimensión afectiva, emocional, intuitiva da fe cristiá? Haberá, porén, quen dúbida da necesidade dun mínimo de formación e reflexión para que tal vivencia cale no máis profundo e persoal dos seres humanos que a profesan?

3. *A dimensión catequética da parroquia de Ribeira*

A parroquia de Ribeira —polo menos desde que eu a coñezo, con D. Cesáreo Canabal Castro á cabeza e D. Xosé Manteiga coma vicario parroquial— foi sempre moi consciente da necesidade que todo crente adulto ten de dar razón da súa fe. De neno recordo moi ben os itinerarios catequéticos que nos orientaban —ao noso nivel— nesa dirección e xa de mozo foron moi importantes os grupos de preparación para a Confirmación e o grupo da *Páscoa Xoven* como ámbitos de socialización da fe.

A isto hai que engadir que, entre outras moitas iniciativas similares, nos anos noventa do pasado século —logo de estar D. Cesáreo axudado doutros vicarios e coincidindo coa chegada de Xosé Manuel Pensado— agromou na comunidade de Santa Uxía de Ribeira un singular movemento eclesial cuxo principal obxectivo foi, e aínda é, o achegamento da gran tradición bíblica ao pobo de Deus.

3.1. Dous trazos de historia: a Reforma e o Concilio Vaticano II

Como reacción á Reforma de Lutero, que tanto énfase puxo na lectura persoal das Escrituras e na súa libre interpretación, durante moitos séculos, os dirixentes eclesiais xulgaron máis acertado centrar a vida cristiá das comunidades parroquiais no culto sacramental e nas prácticas devotas. Isto provocou un progresivo afastamento dos crentes respecto do texto bíblico e xeneralizou a sensación de que o estudo da Biblia non era cousa central da vida de todo cristián, senón algo unicamente acaído para os ministros ordenados.

A situación cambiou moi sinaladamente co Concilio Vaticano II. A partires da segunda metade do século pasado, foi cobrando forza a idea de que, polo menos, un mínimo coñecemento do mundo da Biblia era esencial para que a nova evanxelización puidese caer en terra fértil. A alteración nos procesos básicos de transmisión familiar da fe —vixentes nas xeracións anteriores— facían que a mera remisión das novas xeracións ao culto sacramental e a determinadas prácticas devotas fosen de todo punto insuficientes á hora de favorecer unha adulta, seria e persoal apropiación da fe cristiá. O complexo fenómeno da secularización facía acto de presenza no progresivo decrecemento do número efectivo de membros activos nas comunidades, sendo especialmente visible tal diminución na xente nova.

No cambio propiciado polo Concilio Vaticano II tamén tivo un papel moi salientable o crecente convencemento dos dirixentes eclesiais verbo dos resortes internos da evanxelización. Sen uns acaídos procesos de acompañamento persoal —individuais e por grupos— non sería posible nin reformar a Igrexa nin favorecer o emerxer do cerne máis íntimo da vivencia da fe. Velaquí a presenza explícita das dúas cuestións básicas de toda teoloxía pastoral, especialmente postconciliar, de maneira claramente concreta na vida dunha parroquia como a de Santa Uxía: *a)* como se fai un cristián?; *b)* como se renova unha comunidade eclesial?

3.2. *Os dous retos da catequese e da pastoral*

A parroquia de Ribeira foi especialmente clarividente á hora de favorecer, apoiar e axudar a consolidar, dentro dos seus procesos catequéticos de xoves e adultos, a formación de diferentes grupos bíblicos que —a xulgar polos propios testemuños dos seus propios integrantes— cumpriron inicialmente estes dous obxectivos.

a) A forxa dun cristián

A participación activa das persoas que pertenceron desde o comezo a estes grupos de estudo, reflexión e oración axudoulles, en primeiro lugar, a clarificar de xeito individual o seu proceso persoal de apropiación da vivencia da fe. Moitas delas pasaron dunha pertenza sociolóxica, pasiva e inercial á parroquia a unha presenza consciente, activa e moi comprometida coas tarefas e esixencias demandadas. Iniciaron, sen practicamente sabelo, un camiño interior de crecemento no coñecemento de Xesucristo e na sensibilidade espiritual. Familiarizáronse igualmente coa reflexión teolóxica do Concilio. Deixaron atrás comprensións infantís da fe e maduraron relixiosamente na súa relación con Deus. Comezaron a practicar a *lectio divina* grazas ao inmenso labor que fixeron os excelentes materiais da Casa da Biblia, así como o incansable traballo de divulgación de biblistas coma, p. e., Santiago Guijarro.

Probablemente, tamén hai que dicilo, o seu progresivo aumento de conciencia eclesial —froito da súa familiarización coa teoloxía postconciliar máis actualizada— tivo como efecto non desexado un certo distanciamento da institución eclesial na súa dimensión máis oficial e visible. Esa lóxica tensión non sempre se resolveu de xeito integrador e acaído e sinala os riscos que todos o procesos reformadores das comunidades eclesiais non deben esquecer nunca.

b) A renovación dunha comunidade

Pero non en menor medida, estes grupos iniciais tamén foron fonte de atracción para outras persoas que se acabaron unindo a eles, e pódese dicir que, en xeral, axudaron tamén a toda a parroquia a renovarse e rexuvenecer no contacto con esa tradición bíblica que nunca caduca e sempre provoca para estar prestos a afrontar os retos do momento presente. De feito, ao estar estes grupos bíblicos formados por xente que logo tamén se facía presente nas catequeses, na liturxia, en Cáritas, etc. o labor formativo destes núcleos de reflexión bíblica fecundou transversalmente a todas as outras dimensións parroquiais nas que os seus membros tomaban parte activa. Algúns dos participantes nestes grupos bíblicos e de reflexión teolóxica convertéronse, co tempo, en moderadores de novos grupos. Dalgún xeito e nalgúns casos tamén tivo un certo alcance na transmisión xeracional dos procesos de fe, pero hai que recoñecer que isto non sucedeu de xeito masivo. Do que non hai dúbida é de que estes grupos foron semente de fraternidade comunitaria —concretada en viaxes compartidas e encontros celebrados— de fortalecemento, en xeral, de lazos humanos que logo, chegados os duros momentos das enfermidades e os falecementos, fóronse facendo relixiosamente efectivos axudando a vivir, en Cristo, procesos terminais nalgúns casos moi dolorosos e dramáticos.

Nestes grupos, sempre posibilitados pola aquiescencia do párroco D. Cesáreo Canabal, cobrou especial importancia a figura de Manuel Guerra Campos.

Médico de profesión, home culto e intelixente, lector infatigable de teoloxía contemporánea, acompañou, co seu pausado e suave falar, a moitos dos que, naqueles anos, tiveron interese por saber algo daquelo que crían. Con D. Manolo Guerra e con Carmela, a súa muller, podíase falar horas. Horas e horas, porque nunca parecía ter presa. El tiña un fino senso do humor e daba gusto pasar tempo na súa compañía. Con todo, era un home de fortes e firmes conviccións. Polo que eu sei, non era, nas relacións curtas, nin susceptible nin esquivo. Decía sempre o que pensaba (en política, economía e relixión) e non lle importaba nada ir contracorrente. Conxuntaba nun equilibrio moi singular unha forte firmeza intelectual cunha amabilidade exquisita nas formas. Un grupo de amigos —rapaces naquel tempo— tivemos

a sorte de achegarnos ao seu carón polo noso interese na Biblia no período catequético anterior á confirmación. Abriunos a porta da súa casa e alí nos reunimos, durante un certo tempo, para escoitalo falar sobre o Novo e o Antigo Testamento. Falaba con humildade, pero transmitía paixón e autenticidade. Todos os que o coñecemos ligámolo indisolublemente aos grupos bíblicos da parroquia de Ribeira.

Por suxestión de Andrés Torres Queiruga, D. Manolo publicou na editorial Verbo Divino un pequeno libro de «sentimentos reflexionados» no que nos achega a súa persoal e singular elaboración teolóxica dos contidos básicos da fe cristiá. *La confesión de un creyente no crédulo*, leva por título. Como un médico diagnostica a un paciente así diagnostica el a situación eclesial e axuda, coa súa reflexión, a presentar con frescura o que el considera o cerne mesmo do Evanxeo. Cómpre non esquecer este libriño tan suxestivo como sincero. Hoxe a Aula de Teoloxía da parroquia leva, precisamente, o seu nome. Cónstame que, en vida, de ter sospeitado tal cousa, endexamais permitiría D. Manolo semellante iniciativa —e estou seguro de que se oporía a ela con todas as súas forzas. Pero finado el, podemos considerar de xustiza que a parroquia lembre simbolicamente a figura dun home da súa valía e xenerosidade.

3.3. *Variedade de iniciativas catequéticas e formativas*

Así e todo, hai que dicir que non foron unicamente os grupos bíblicos os espazos onde esa dimensión formativa e catequética da fe foi collendo pulo. Na parroquia de Ribeira fixéronse —e séguense a facer— moitas Xornadas de formación de adultos, moitos Ciclos de conferencias, mesmo presentacións de libros e todo tipo de eventos de similar fasquía. Homes e mulleres especialistas en teoloxía, profesores do ITC, bispos, delegados episcopais, mestres, médicos, psicólogos, avogados, relixiosos, misioneiros e misioneiras, profesionais de todo tipo, etc., deixaron a pegada do seu saber en relatorios que, en casos que recordo ben, foron seguidos *in situ* por máis de 200 persoas.

Quero igualmente destacar o especial empeño de D. Cesáreo en que, por exemplo, nos cursiños prematrimoniais, a

presentación, desenrolo e discusión dos principais temas a tratar fosen realizadas por persoas que, por opción vital e formación profesional, estivesen especialmente capacitadas para falar con seriedade e fondura do que significa e implica o matrimonio cristián.

Igualmente poñía —e seguirá poñendo— D. Cesáreo moito interese na implicación dos pais e dos padriños na preparación para o bautismo dos nenos. Na parroquia de Ribeira respirábase que non se podía sacramentalizar o que non estaba evanxelizado e que, por iso, os sacramentos non eran actos sociais aos que se podía acceder de calquera xeito e celebrar de calquera forma.

Non todo o mundo, no pobo de Ribeira, comprendeu ben tal cousa e hai que recoñecer que a nobre énfase do párroco nesa xusta insistencia, tal vez, nalgunhas ocasións, puido dar lugar a certos enfrontamentos e a algunhas desafeccións de difícil solución. Se somos sinceros e ecuánimes, deberemos recoñecer que algo disto non era infrecuente —e probablemente persiste— no seu persoal e inimitable xeito de dirixirse á comunidade durante as homilías. Sen probablemente quere-lo de xeito consciente e directo, o noso párroco reviste demasiadas veces o seu celo apostólico cun ton non precisamente suave e con palabras que resoan na Igrexa de Ribeira como as do mar alporizado nun forte vendaval. Nunca a súa intención —ben notoria polo seu unanimemente recoñecido espírito de caridade, sobre todo cos pobres e enfermos— é a de asoballar ou ferir. Pero, por desgraza, hai quen se ten incomodado e aínda se incomoda co seu dicir e con algúns modos do seu facer.

De que na parroquia de Santa Uxía de Ribeira, animada incansablemente por D. Cesáreo e recentemente tamén polo seu irmán D. Ramiro, había —e coído que segue habendo— unha grande preocupación pola catequese e a formación, podo dar testemuño directo se o lector me permite que fale por medio duns recordos do pasado que, como é obvio, reflicten unha particular experiencia persoal. Aí verase, cun par de exemplos, que a iniciación no cristianismo en Ribeira xiraba entorno aos asuntos maiormente centrais da fe e da vida.

a) Na catequese infantil

Recordo un día no que o noso catequista de primeira comunión, o prof. Domingo Caamaño —tiñamos nós oito ou nove anos— propúxonos, aló polo mes de febreiro, a seguinte cuestión: «¿o Entroido dura só uns días ou vivimos todo o ano nun Entroido permanente? ¿Presentámonos sempre segundo somos ou vivimos de xeito continuo con máscaras? ¿A qué nos chama o seguimento de Cristo: a vivir embozados tras caretas vistosas ou a desenmascárnos sen medos?».

b) Na catequese xuvenil

Pasados os anos, nunha das reunións dos venres nos que se preparaba a catequese dos sábados e domingos, sendo eu xa catequista, lembro como D. Cesáreo presentou con igual potencia o seguinte interrogante: «¿podemos falar de Deus aos nenos e aos mozos sen ter unha experiencia propia e fonda de falar con El? ¿podemos falar da oración sen practicala de xeito activo?». Recordo vivamente a impresión que me causou tal modo de presentar a fondura e a seriedade que esixe o seguimento do Evanxeo e os servizos na comunidade eclesial. Ser cristián non era unha lixeireza. Ser catequista esixía poder ter algo fondo e serio do que falar. Tiñamos diante de nós a invitación a un verdadeiro encontro con Deus coma fin último de toda a actividade da parroquia. Todo orientaba nesa dirección. Sen tal encontro persoal todo eran rodeos, palabras e ruído en torno a Deus.

Estes dous recordos non son máis ca un botón de mostra, pero non foron poucos os momentos nos que volvíñ sentir tal cousa. Para outra cochedura deixo o acontecido no ano 1992 no colexio das Filipenses, en Vilagarcía de Arousa, co *grupo Espiral* da nosa parroquia participando na *Páscoa Xoven* daquel ano. Experiencia memorable que haberá que abordar noutra ocasión.

En síntese, para ir rematando xa, podemos dicir que esa era, ao meu ver e telegraficamente apuntada, a gran riqueza catequética e formativa da parroquia de Ribeira que eu coñecín e da que gardo non só un gratísimo recordo, senón que teño con ela unha verdadeira e impagable débeda. Con todas as súas

limitacións —non hai realidade humana que non as teña— pero tamén cos seus numerosos e innegables acertos. Conste que houbo e hai moitísimo máis, pero eu só podoo referir aquí estes poucos apuntamentos que, por outra parte, ilustran con claridade —segundo creo— a vitalidade interna dunha comunidade esperta e dinámica.

4. *Camiñando cara o futuro*

Chegado o momento de facer relato, sabe ben facer memoria de todo o ben feito para sementar con desexos ventureiros o futuro desta comunidade parroquial tamén chamada a abrir un novo proceso de reforma, cambio e transformación. Só así poderemos asegurarlle un futuro de continuidade a este ciclo da vida parroquial que, por razóns lóxicas e inevitables, precisa abrir un tempo diferente. Os anos pasan, as persoas maduran e envellecen, e os que envorcaron e desgastaron a súa vida nestes procesos sinalados merecen descanso, logo de tanto traballo, e recoñecemento, pola súa xenerosa entrega. Que os que veñan detrás melloren o ata aquí realizado, cambiando o que haxa que cambiar, pero facendo memoria agradecida do traballo iniciado, sendo ben sabedores de que derrubar sempre é máis doado que construír. Esperemos que na nosa parroquia non se caia nesa nefasta tentación que fai crer a quen chega que é Adán nun paraíso por estrear. Cómpre ter humildade e lucidez para comezar algo novo, pero tamén ambas as dúas virtudes deben acompañar a quen teña que dar por finalizada un labor eclesial.

Na Igrexa non é posible reformar con acerto, se a reforma non está ancorada no centro do Evanxeo. A reforma levada a cabo nos tempos de D. Cesáreo e D. Xosé Manteiga foi alentada, sostida e consumada pola reforma universal do Concilio Vaticano II. O próximo ano cumpriranse 50 anos da finalización do Concilio. Agora que celebramos o 150 aniversario da erección do templo parroquial, cómpre resaltar que o Papa Francisco acaba de facer na *Evangelii Gaudium* unha nova chamada á renovación da Igrexa en fidelidade ao Evanxeo de Xesucristo. Precísanse novas forzas, novas ideas, novos estilos, novas formas de presenza, novos talentos e novas ilusións. Esperemos que a

comunidade parroquial de Santa Uxía de Ribeira estea sempre aberta ao alento eclesial dese Espírito de Deus que abriu as fiestras da Igrexa nos tempos de Xoán XXIII e Paulo VI e que tanto onte coma hoxe nos segue a chamar á conversión e á renovación. O noso futuro depende da nosa capacidade de acollida desa chamada permanente.

Pedro Castelao